
O Proxecto Europeo METAFOR arranca en Galicia

- Actualizado (16.09.2005)

No marco do "Kick Off Meeting" do proxecto, celebrado o 14 e 15 de Marzo no CESGA, o Secretario Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia e presidente do CESGA, Miguel Angel Ríos Fernández, presentoulles aos medios o Proxecto METAFOR.

A Comunidade Europea asignoulles ao CESGA e á Aula de Productos Lácteos da USC en Lugo o desenvolvemento deste proxecto. Adicionalmente, na presentación interviñeron Javier García Tobío, Director do CESGA, M^a José Rodríguez Malmierca, Técnico do CESGA, e Juan Méndez, Xerente da Aula de Productos Lácteos.

Obxectivos do Proxecto

O proxecto METAFOR ten como principais obxectivos:

Construír unha solución tecnolóxica óptima para teleformación vía satélite nas industrias agroalimentarias implantadas en contornos rurais. Avaliar os custos de implantación e o funcionamento desta solución tecnolóxica. Demostrar as bondades pedagóxicas do sistema. METAFOR terá unha duración de 20 meses e rematará en setembro de 2002

Beneficiarios

METAFOR levará contidos de formación de alta calidade (cursos vía web, vídeos formativos con calidade televisión dixital, libros e manuais electrónicos, etc.) a 65 industrias e centros de formación do sector agroalimentario en áreas rurais de Suecia, Francia, Catalunya e Galicia. Por parte de Galicia intervirán no proxecto 10 industrias e centros de formación do sector agroalimentario.

Un dos criterios de selección dos centros/industrias participantes será o grao de dificultade e o elevado custo que suporía chegar a estes puntos con accesos convencionais á rede de banda ancha como fibra óptica ou radio enlaces.

Financiación

METAFOR conta cunha financiación total de 410 millóns de pesetas dos que 75 serán investidos en Galicia.

Participantes no proxecto

AULA DE PRODUCTOS LÁCTEOS da USC

CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

A multinacional ALCATEL SPACE, (Francia) coordinador xeral do proxecto que se encargará de transmisión por satélite e do desenvolvemento da solución tecnolóxica

CNERTA, organismo dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca de Francia

VIVIANCE, tamén francesa e que proporciona solucións persoais de ensino a distancia

RENATER, a rede académica de investigación francesa

SVERIGES LANTBRAKS UNIVERSITET, a Universidade Sueca de Ciencias Agrícolas

MÓN BLAU VERT, organismo dependente da Generalitat de Catalunya